



Confederación Intersindical Galega

BBVA

## Filtración

**CIG-BBVA**, contempla a publicación polo diario *El Mundo* da noticia referida a “negociación, do BBVA cos sindicatos, de apertura das oficinas pola tarde” como unha filtración interesada que pretende provocar un determinado efecto na opinión pública.

A noticia está orientada a dar credibilidade a unha serie de informacións nadas no departamento de Comunicación de BBVA que se foron sucedendo no transcorrer da pasada semana para reforzar o tema que interesa potenciar no ámbito dos mercados financeiros: o proxecto de Servizos Financeiros Personais de BBVA que afectaría a 150 oficinas principais da rede de banca tradicional (a que nunca falla, nen nos momentos máis duros). O tema, polo de agora, non está plantexado ós sindicatos formalmente. ¿A todos? Algún podería quedar en evidencia coa filtración.



### Horario de tarde, ¿ Tema de Convenio ?

*Recordemos: o actual convenio (maldito convenio que nos condena, prácticamente á conxelación salarial, non pode considerarse moito máis o mísero incremento do 2%) so foi subscrito pola AEB, como patronal, e os sindicatos CCOO-UGT. O resto do sindicatos con “dereito á negociación”, entre eles CIG, poidemos comprobar no sucederse de xuntanzas –o proceso foi longo– como a representación da Banca Privada non mostrou ningún na inclusión da “libranza de sábados” como tema demandado polos sindicatos para ser incluído na negociación. Nen por abrir ás tardes.*

## ACOSO

As relacións laborais están notoriamente deterioradas. Sobran estadísticas para demostralo. Conclusións recentes de expertos en Psiquiatría Legal ofrecen datos demoledores. Vexamos. O oito por cento dos traballadores da Unión Europea sofren algún tipo de persecución no seu posto de traballo. Escalofriante. É o chamado “mobbing” agora tamén coñecido por “acoso institucional”. Da o mesmo o nome que se emprega para designar a enfermidade, porque os síntomas son sempre os mesmos. A vítima comeza a sentir falla de autoestima, sigue con problemas musculares, dor da cabeza, perda de memoria, fatiga crónica e remata na depresión. ¿Cántas persoas están de baixa laboral por esta situación?. ¿Qué gaña a empresa con individuos que se empeñan en converterlo medio laboral nun inferno?. En ocasións, a súa propia frustración levaos a desafogarse nos traballadores dependentes de menor rango profesional. Hai tamén casos de medo a eficacia allea que pode poñer en evidencia a ineptitude do acosador. Outras veces respóndese a formas que procuran unha redución fraudulenta do cadro de persoal. As vítimas tenden a reaccionar de dúas formas: ou ben enferman e abandonan ou sométese e tragan con todo. Obxectivo sindical: desterrar este modo de comportamento da vida laboral.